



VITICULTURA. TÉCNICAS DE CULTIVO

CURSO PRÁCTICO

30 e 31 de agosto; 1 de setembro; 21 a 25 de novembro de 2022

Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia

Ponte San Clodio s/n

32428 Leiro (Ourense)

PROGRAMA

» Día 30/08/22 de 15h a 21:30h

- » A planta, variedades de vide. Identificación das variedades de vide. Emilia Díaz Losada. Técnica da Agacal.

» Día 31/08/22 de 16h a 20.30h

- » A plantación do viñedo. E. Iván Vázquez Rodríguez. Técnico da Consellería do Medio Rural.

» Día 1/09/22 de 15:30h a 21:30h

- » Técnicas de control e prevención de enfermidades. Identificación de enfermidades e pragas no viñedo. Rosa Pérez Otero. Técnica da Estación Fitopatolóxica do Areeiro.

» Día 21/11/22 de 16h a 20h

- » Manexo do material vexetal da vide: enxerto, poda e condución. María Dolores Loureiro Rodríguez. Técnica da Agacal.

» Día 22/11/22 de 16h a 20h

- » Práctica de poda e enxerto. Nelson Fernández Fernández. Enxeñeiro Técnico Agrícola.

» Día 23/11/22 de 16h a 20h

- » O mantemento do solo. Interpretación da análise do solo. María José Graña Caneiro. Técnica da Agacal.

» Día 24/11/22 de 16h a 20h

- » Aplicación de fitosanitarios. Luís Quinteiro González. Técnico en Viticultura e Enoloxía.

» Día 25/11/22 de 16h a 19h

- » Titoría. Emilia Díaz Losada. Técnica da Agacal.

OBXECTIVOS

Formar viticultores e adegueiros e persoas, en xeral, sobre os temas máis importantes relacionados coa viticultura, abordando cuestións e aspectos que posteriormente poidan poñer en práctica:

- » Establecer pautas que cómpre seguir para o establecemento do viñedo.
- » Identificar a diversidade de variedades de vide coa que conta Galicia.
- » Identificar as enfermidades e pragas do viñedo e coñecer as medidas de control.
- » Establecer pautas de manexo do solo máis axeitadas cara a unha viticultura sustentable.
- » Coñecer e practicar o desenvolvemento de técnicas de manexo: enxerto, formación da planta, poda, sistemas de condución.
- » Uso sustentable de fitosanitarios para o control de pragas e enfermidades.

Destinatarios

- » Agricultores, viticultores ou gandeiros activos con producións con orientación comercial, cotitulares ou colaboradores familiares das explotacións.
- » Titulares, asalariados ou con contratos a proba dunha explotación agraria, industria transformadora, asociación profesional (exemplo: adega, consello regulador), ou empresa de servizos agrarios.
- » Persoas en idade laboral con expectativas de incorporación ao sector primario ou á industria transformadora (exemplo: adega, consello regulador)
- » Investigadores relacionados coa actividade, traballadores de empresas relacionadas co sector ou público en xeral, sempre e cando haxa prazas dispoñibles.
- » Público interesado en xeral.

Terán preferencia as mulleres e mozos/as en activo ou con solicitude de incorporación ao sector primario presentada.

Número de prazas: 20

Data de inscrición: ata o 24 de agosto de 2022

SOLICITUDES

Os interesados deberán preinscribirse na actividade a través da páxina web da Consellería do Medio Rural no seguinte enlace:

<https://ovmediorural.xunta.gal/gl/consultas-publicas/acciones-formativas>

A súa inscrición será confirmada a través do enderezo electrónico.



» ORGANIZA

Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Agacal)
Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (Evega)

» COLABORAN

